

Triatlón e Muller 2021/2022

Convocatoria

I Encontro de Menores

III Edición do Programa Amazonas Muros - A Coruña

Obxectivo: Promoción do triatlón feminino.

Data: 13 de Novembro de 2021.

Nº Prazas: 40

Dirixido a :

- Deportistas femininas das categorías infantil, cadete e xuvenil (nadas entre os anos 2004 e 2009, ambos inclusive).

- Federadas FEGATRI da tempada.
- Non federadas (*).

- Adestradoras con licenza FEGATRI.

(* *Preferencia de inscrición para deportistas federadas FEGATRI*)

Lugar de Celebración:

Punto de Encontro: Piscina Municipal de Muros
Lugar Soborribas s/n, 15259 Serres, Muros, A Coruña

Inscrición e procedemento:

A inscrición será GRATUÍTA.

Primeiro prazo de inscrición: 20 prazas reservadas a deportistas e adestradoras federadas FEGATRI, ata o martes 9 de Novembro ás 17:00 horas.

Segundo prazo de inscricións: resto de prazas dispoñibles ata completar 40, para deportistas federadas e non federadas, ata o mércores 10 de Novembro ás 23:59 horas.

Pódense comunicar as baixas ata o peche de inscricións enviando un email a fegatri@hotmail.com. Se unha deportista non se da de baixa a tempo, e non acude ao encontro sen causa xustificada, non poderá inscribirse no seguinte encontro.

O custe de 6 euros do seguro de un día para deportistas non federadas será subvencionado a través do programa Amazonas.

Procedemento:

DEPORTISTAS FEDERADAS: Formalizárase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á proba de referencia.

DEPORTISTAS SEN LICENZA DE TRIATLÓN EN VIGOR (LICENZA TEMPORAL DE 1 DÍA): A inscrición realízase on-line, a través da web da Federación Galega de Triatlón e Péntatlon Moderno www.fegatri.org, no apartado Competicións: Regulamentos/Inscricións. Picar sobre a carreira e ir ó enlace de INSCRICIÓN. O pago faise a través de TPV. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor e formulario de autorización de protección de datos de menor a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma** <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/09/Ficha-menores-de-14-anos-act-xogade.docx>

ADESTRADORAS CON LICENCIA FEGATRI: Formalizárase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado <https://fegatri.org/inscricions/>, accedendo á es

Listaxe de espera:

Esgotadas as prazas abrírase unha lista de espera que se xestionará diariamente, por orde de inscrición, segundo as vacantes que se vaian producindo e ata o remate do prazo de inscrición. Comunicarase /á participante correspondente, da lista de espera, por correo electrónico a vacante, dándolle prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 h do mesmo día. A última incorporación farase o xoves ás 14:00 h

A listaxe definitiva de inscritas publicárase na páxina web da FEGATRI (www.fegatri.org) o xoves anterior ao encontro (12 de Novembro de 2021).

Comunicación de Baixas

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Triatlón a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo serán penalizadas de acordó ao regulamento oficial de competición da FEGATRI

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación), rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas.

Outra información:

O encontro comezará ás **15:30 horas** e finalizará ás 18:30 horas.

Traballaranse aspectos técnicos e tácticos de natación, ciclismo, carreira a pé e transicións.

As deportistas deberán acudir co material necesario para o desenvolvemento destas actividades (zapatillas de carreira, bicicleta e casco, bañador, gafas, gorro e chanclas).

Para calquera dúbida ou consulta, podes enviar un correo ao seguinte enderezo electrónico triatlonemuller@fegatri.org

Protocolo COVID19:

O evento desenvolverase de acordo ao recollido no Protocolo preventivo fronte á COVID19 da Federación Galega de Tríatlón e Péntatlón Moderno, certificado pola Secretaría Xeral para o Deporte. Coa inscrición no evento adquirese o compromiso individual de lectura e cumprimento do mesmo.

https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/08/V3-PROTOCOLO-COVID-FEGATRI_SXD-act.-16082021.pdf

RESPONSABLE TÉCNICA DO ENCONTRO.

Marta Barbeito Domínguez (Adestradora Responsable do Programa Amazonas da Federación Española de Tríatlón).